



**Plan Proxecta: *Por 365 días de respecto e igualdade.***

## **LECTURA DRAMATIZADA DE DORMENTE E ENCONTRO COA ESCRITORA.**

**Dentro do Plan Proxecta 2020-2021, *Por 365 días de respecto e igualdade*** queremos seguir transitando cara á igualdade e para iso, levamos a cabo, en colaboración co Departamento de Música, a Biblioteca e o Club de Lectura *A quenda do libro*, unha lectura dramatizada da obra de teatro ***Dormente*** de Raquel Castro, na que, dun xeito moi certo, lle deu a volta ao conto tradicional de *La Bella Durmiente* de Disney.

Primeiro investigamos os contidos sexistas que atopamos na versión antiga e posteriormente analizamos os aspectos que foron mudados pola autora de *Dormente* e como se reflicten na súa obra.

Unha vez feita a lectura dramatizada, o alumnado reflexionou sobre a experiencia. Deixámosvos algúns dos resultados.

Ademais, o día 21 de xuño a autora, Raquel Castro, visitou o noso centro e aproveitamos para falar con ela sobre a nova versión do conto na súa obra e facerlle unha entrevista. Tamén aproveitamos para mostrarlle a nosa versión da lectura dramatizada.

Achegamos diferentes fotografías de distintos momentos da lectura e da visita de Raquel Castro.

Enlace ao vídeo da lectura:

<https://youtu.be/vpTX3vO2kJ8>

Enlace á entrevista feita por Uxía Rodríguez García e Bruno Fernández Fernández

[https://www.ivoox.com/entrevista-raquel-castro-audios-mp3\\_rf\\_71743090\\_1.html](https://www.ivoox.com/entrevista-raquel-castro-audios-mp3_rf_71743090_1.html)

Lectura dramatizada e  
encontro coa escritora

D

O

Raquel Castro

M

E

N

T

E



**CURSO: 1º ESO**

**DÍA: 21 DE XUÑO DE 2021**

**HORA: 16:15-17:55h**

**LUGAR: SALÓN DE ACTOS**



Diferentes momentos da leitura dramatizada.













Encontro coa escritora, Raquel Castro














Observando o vídeo da leitura dramatizada de Dormente.





Raquel Castro asinando libros.



















## REFLEXIÓNS DO ALUMNADO

Neste libro de Raquel Castro, *Dormente*, temos unha princesa que como tantas princesas nacen para o que nacen, e teñen que facer o que teñen que facer.

Bela adormecida, non esperta e non ten interese ningún en espertar polo futuro que lle espera.

*Dormente* represéntanos a nós, as rapazas que temos moi claro que non nacemos para ser mulleres floreiros, nin para que nos casen con ninguén, somos donas do noso.

O libro tamén reflexa algunha tradición galega coma xogar ó bingo para recaudar cartos para as festas.

Este libro pode ser lido ou representado, pode ser moi divertido lelo en familia.

Gustoume moito representar na aula está obra de teatro.

Vanessa González Jorge - 1º A

O libro *Dormente*, pareceume moi interesante porque, Raquel Castro deulle a volta á historia e formou outra mellor, facendo que a historia sexa máis xusta, xa que as mulleres non precisamos a ningún príncipe.

Raquel Castro tivo unha moi boa idea facendo esta historia, porque os sentimentos de Bela representan aos de moitas mulleres.

Saray Fernández Expósito - 1º A

O libro de *Dormente* gustoume moito xa que rompe con eses esteriotipos dos contos nos que se di que o príncipe debe salvar a princesa. Desta vez a que esperta a princesa cun bico e outra muller. Eu non cambiaría nada do libro, pareceume moi entretido.

Vega Meiriño Gómez -1ºA

Dos tres libros que lín de Raquel Castro, *Dormente*, é o que máis me gustou.

A obra de teatro é amena, divertida, orixinal e fácil de entender, e aínda que non deixa de ser unha versión de varios contos moi coñecidos, nunca esperarías que, estando baseada nesas personaxes, tivese semellante argumento e sobre todo, final.

Recoñezo que Raquel Castro me sorprendeu con esta nova versión, fresca, reivindicativa e dende logo ousada e valente.

Supoño que o que pretende é acabar cos estereotipos que aparecen nesas contos e facer que reflexionemos sobre eles, educando ás novas xeracións en liberdade e igualdade.

En canto á representación feita polos meus compañeiros, o feito de que a lean e non a memoricen desmerece un pouco, pero empeño e ganas póñenlle, sobre todo, porque non tiveron moito tempo para preparala, posto que tivemos moitos exames.

Quen sabe, ao mellor tamén me sorprenden, e o día 21 non lles fai falla libro! Pilar deberías poñer apuntador.

Diego Rodríguez Vazquez - 1ºA

Enlace á ENTREVISTA a Raquel Castro realizada por Uxía Rodríguez García e Bruno Fernández Fernández.

[https://www.ivoox.com/entrevista-raquel-castro-audios-mp3\\_rf\\_71743090\\_1.html](https://www.ivoox.com/entrevista-raquel-castro-audios-mp3_rf_71743090_1.html)